

Bebidas enerxéticas


As bebidas enerxéticas (como o Red Bull, Burn, Monster, etc.) son outra das substancias analizadas en ESTUDES. Nos 30 días previos á enquisa, o 31,3% do alumnado galego de 14 a 18 anos recoñece ter consumido este tipo de bebidas, polo que é inferior á prevalencia media nacional (38,4%). Respecto ao 2023, o consumo destas bebidas na poboación estudiantil de secundaria baixa notablemente na comunidade galega (45,6% na pasada edición), de igual xeito que no conxunto nacional (baixa 9,3 puntos; 47,7%).

En xeral, este tipo de bebida é máis consumida entre os alumnos que nas alumnas. Entre o alumnado galego, o 39,1% dos mozos declaran que tomaron bebidas enerxéticas no último mes, fronte ao 23,7% das mozas; mentres que a media nacional rexistra un 45,7% e un 31,0% respectivamente.

Por idades, os saltos que se producen nas diferentes franxas de idade son menos abruptos en comparación con outras prácticas relacionadas co alcohol que rexistran variacións máis grandes. Neste sentido, en Galicia pásase dun consumo do 25,8% no alumnado de 14 anos ao 33,8% no de 16 anos (valor máximo, xa que aos 17 anos prodúcese un descenso, 32,2%); mentres que a nivel nacional o percorrido segue unha tendencia similar.

Ademais de abordar o consumo das bebidas enerxéticas, tamén se indagou sobre a súa combinación coas bebidas alcohólicas. Os resultados atopados indican que, nos últimos 30 días, o 13,7% do estudiantado de Galicia declara inxerir este tipo de mesturas (a nivel nacional a prevalencia é do 15,2%). Dende unha perspectiva sociodemográfica, tanto en Galicia como en España, o alumnado masculino e as franxas de idade máis altas son os que mostran unha maior tendencia a mesturar bebidas enerxéticas e alcohólicas.

Figura 1. Prevalencia do consumo de bebidas enerxéticas nos últimos 30 días, entre o alumnado de Ensino Secundario de 14-18 anos (%) segundo sexo e idade. Galicia-España, 2023-2025.




Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na CCAA presentan elevada variabilidade polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre Uso de Drogas en Ensinanzas Secundarias en España (ESTUDES).



Figura 2. Prevalencia do consumo de bebidas enerxéticas mesturadas con alcohol nos últimos 30 días, entre o alumnado de Ensino Secundario de 14-18 anos (%) segundo sexo e idade. Galicia-España, 2023-2025.



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na CCAA presentan elevada variabilidade polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre Uso de Drogas en Ensinanzas Secundarias en España (ESTUDES).